

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DO 3º TRIMESTRE  
CURSO 2019-2020

# EDUCACIÓN MUSICAL

CURSO: 2º DE PRIMARIA  
CEIP SOUTELO DE MONTES

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**
- 5. Anexo I : Rúbrica**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.(CCEC-CAA) EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.(CCEC-CD)
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.(CCEC)
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidad, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. (CCEC-CA) EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. (CD-CCEC)
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.(CCEC-CMCCT-CAA) EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.(CSC-CAA)
B2.2 Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación	EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. (CCEC-CCL-CMCCT)
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.(CCEC-CAA)

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>PROCEDIMENTOS:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. A análise das tarefas (tanto os cadernos, como os documentos dixitais) son recollidas a través de diferentes medios:<ul style="list-style-type: none"><li>- Whatsapp</li><li>- Correo electrónico.</li><li>- Aula virtual</li><li>- Diferentes plataformas como liveworksheets, snappet e kahoot.</li></ul></li><li>2. As producóns orais son recollidas a través de :<ul style="list-style-type: none"><li>- Audios a través da plataforma Vocaroo.</li><li>- Videoconferencias con cisco webex.</li></ul></li></ol>
<b>CUALIFICACIÓN</b>	<p><b>INSTRUMENTOS:</b> o instrumento para avaliar o 3º trimestre é unha rúbrica que presentamos ao final deste documento.</p>
<b>ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE</b>	<p>A cualificación final será o resultado da avaliação continua da 1º e 2º avaliação más o aporte en positivo da 3º avaliação (20% como máximo). Para o cálculo deste 20% empregaremos unha rúbrica.</p> <p style="text-align: center;">-</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>ACTIVIDADES</b>	<p>1. <b>REFORZO E REPASO:</b> son a maior parte das actividades propostas ao alumnado. Tamén se traballarán as datas de obrigado cumprimento (día do libro, día das letras galegas...)</p> <p>As actividades selecciónanse baseándose naqueles estándares e competencias que se consideran imprescindibles para acadar os obxectivos mínimos da área e do curso.</p> <p>2. <b>AMPLIACIÓN:</b> son mínimas e son seleccionadas e deseñadas tendo en conta a súa importancia para acadar os mínimos así como a súa relación con coñecementos previos xa adquiridos.</p>
<b>METODOLOXÍA</b>	<p><b>Alta conectividade:</b> Traballo a través da aula virtual, correos electrónicos, libros de texto, vídeos explicativos enviados ao alumnado, vídeo chamadas individuais e diferentes plataformas online.</p> <p><b>Escasa conectividade:</b> Correo electrónicos, libros de texto, chamadas telefónicas, mensaxes de whatsapp e material impreso proporcionado a través do Concello.</p>
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	Aula virtual, telefonía móvil, correo electrónico, fichas deseñadas polo profesorado, material interactivo(de deseño propio e seleccionado) en diferentes plataformas (liveworksheets, snappet, kahoot, youtube.....)  Materiais da casa como: palillos, papeis, pizarras...

#### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	Páxina web do centro, blogs, aplicación ABALAR, correo electrónico, chamadas telefónicas, plataformas de mensaxería instantánea (whatsapp).
<b>PUBLICIDADE</b>	Publicárase na páxina web do centro.

#### **5 - ANEXO I : RÚBRICA**

<b>CÁLCULO DO 20% DO INCREMENTO DA NOTA DO 3º TRIMESTRE</b>				
	<b>A</b> ( non se incrementa a nota)	<b>B</b> (increméntase a nota un 5%)	<b>C</b> (increméntase a nota un 10%)	<b>D</b> (increméntase a nota un 20%)
<b>PRESENTA OS TRABALLOS</b>	Non presentou ningún traballo.	Presentou menos da metade dos traballos	Presentou a metade dos traballos.	Presentou todos os traballos e dentro dos prazos establecidos.





